

Á R E A L   A C A D E M I A   G A L L E G A

---

Con motivo de se celebrar no presente ano o Centenario da publicación dos "Cantares gallegos" de Rosalía de Castro, os membros numerarios que suscribe, somete á consideración da Xunta xeneral da "Real Academia Gallega", a seguinte proposta:

1º.- Todos sabemos que o libro rosalián editado en 1863, ten sido a primeira obra maestra con que contou a Literatura Galega Contemporánea. A súa aparición veu a lle dar prestixio universal á nosa fala como instrumento de creación literaria. Representa, pois, un fito decisivo na historia da renacemento cultural de Galicia.

2º.- A celebración do centenario deste acontecemento, convida a reconsiderar o significado do mensaxe transmitido nos "Cantares". Un mensaxe que, tanto como espírito e pobo, tanto como universalismo e galegitude, foi, estéticamente, un mensaxe de palabra e de poesía.

3º.- Velahí por qué, ademais dos aitos conmemorativos que se orgaícen pra reactualizar na conciencia das xentes o acento de tal mensaxe, a Academia -como órgano oficial da nosa cultura- debería consagrar, con carácter de perdurabilidade, o simbolismo da data nunha celebración anual.

4º.- O millor xeito de o conseguir sería que acordase decretar Día das Letras Galegas, o 17 de maio de cada ano, a partir do presente



Contaríase así, pra o porvir, cunha xornada oficialmente adicada a honrar ós nosos libros. O día 17 de maio de cada ano viría ser a data destinada a recoller o latexo material da aitividade inteleitual galega.


5º.- Ninguén desconoce que o libro ten unha forza simbólica extraordinaria. Sendo a amosa máis reveladora do nivel cultural dos pobos, non é de estranar o afán de espaxelo e de lle abrir camiños pra ensanchar o ámpido dos seus lectores. No caso de Galicia, ningunha data máis axeitada pra enaltecer e difundir o libro eiquí producido, que a que conmemora a publicación da obra coa que se encetou o prestixio contemporáneo das Letras galegas.

6º.- De atopar eco no acordo dos numerarios da Corporación o contido desta proposta, compriría dála a conocer en Nota oficial, recabando a colaboración dos centros culturás de Galicia e a de todos os Centros Galegos do mundo, pra percurar o éxito consagradorio da celebración.


Vigo, a 20 do mes de marzal do ano 1963



Manuel Gómez Román



Francisco Fernández del Riego



Xesús Ferro Couselo